

UNIDADE 5

LINGUA

AV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Busca neste texto exemplos para as regras do uso das maiúsculas:

A raíña Lupa é unha mouroa xigante que non para de comer e comer, apoderándose do alleo, se é necesario. Vive en galerías soterradas no Pico Sacro, fía, mantén porcos e bebe moito viño e pode transformarse en serpe. Ten castelos de pedra no monte Pindo e na Torre Lobeira, en Vilagarcía. Todos os días comía un boi, ata que os seus servos, xa fartos, a mataron tirándoa dun balcón do castelo. Está enterrada na laxe da Moa, no Pindo, con sete millóns en ouro nos pés e outros tantos na cabeceira.

Xosé Miranda e Antonio Reigosa: *Pequena mitoloxía de Galicia*, Edicións Xerais (adaptación)

Ao comenzo dun escrito: _____

Despois de punto: _____

Nos nomes propios de persoa: _____

Nos nomes de lugar: _____

2 Contesta:

a) ¿Quen era a raíña Lupa?

b) ¿Onde vivía?

c) ¿Como morreu?

Nome e apelidos:

Curso: Data:

3 Busca no texto nomes de comida e bebida e escribeos.

4 Localiza no texto catro nomes comúns e catro nomes propios:

Comúns	Propios

5 Completa o seguinte cadro:

	Colectivo
illa	
piñeiro	
ovella	
abella	

Individual	
	orquestra
	vaixela
	biblioteca
	abecedario

6 Escribe unha palabra composta a partir das seguintes:

quita _____ lava _____ garda _____

para _____ tira _____ abre _____

UNIDADE 2

LINGUA

AV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Ordena os seguintes pasos para plantar flores nun xardín:

Cunha pa, fai un buraco amplo na terra e mete aí a planta. Agrega máis terra arredor e esmaga ben a superficie co pé.

Rega ben a planta coa mangueira sen mollar a flor.

Cubre a superficie con cortiza, arume de piñeiro, etc.

Escolle ben a planta que vas comprar, non moi alta e coas follas sás.

Saca a planta do testro coa súa terra e con coidado de non romper as raíces.

Pon uns guantes de xardineiro.

2 Contesta:

a) ¿Como debe ser a planta que compremos?

b) ¿Con que hai que ter coidado ao sacar a planta do testro?

c) ¿Como se chaman os textos que explican como se fai algo?

3 Busca no texto tres palabras agudas e escríbeas:

Nome e apelidos:

Curso: Data:

4 Busca agora no texto tres palabras con dígrafos e escríbeas:

5 Escribe un sinónimo e un antónimo de cada palabra:

	Sinónimo	Antónimo
feliz	_____	_____
grande	_____	_____
enfermo	_____	_____
silencioso	_____	_____

6 Acentúa as seguintes palabras cando sexa necesario:

algodon	maletin	alcohol
doer	curar	flegmon
infeccion	doutor	infantis

7 Completa as seguintes definicións:

- As palabras que teñen un significado igual ou moi parecido chámanse _____ .
- As palabras que teñen un significado contrario chámanse _____ .
- As palabras que levan o acento na última sílaba chámanse palabras _____ .
- O conxunto de dúas letras que representan un único son chámase _____ .

UNIDADE 1

LINGUA

AR

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Repasa o alfabeto completando a seguinte serie coas letras que faltan:

a	b		d			g				m	
		p				t					

2 Une as palabras que signifiquen o mesmo:

curmán	esposo
marido	casamento
voda	primo
antepasados	devanceiros

3 Subliña a sílaba tónica das seguintes palabras:

cuñado	avó	madriña	sogra
afillado	sobriña	papá	parentes

4 Escribe as palabras do exercicio anterior na columna correspondente:

BISÍLABAS	TRISÍLABAS	POLISÍLABAS

5 Completa o seguinte texto:

Cando un grupo de persoas se entende ao falar é porque empregan a mesma

_____.

A lingua propia de Galicia é o _____.

UNIDADE 1

LINGUA

AA

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Completa cada definición coa palabra correspondente:

_____ : Muller unida polo matrimonio.

_____ : Conxunto formado por dúas persoas.

_____ : Facer de padriño.

_____ : Persoa á que lle morreu o marido ou a muller.

parella
apadriñar
casada
viúvo

2 Ordena alfabeticamente a seguinte lista de palabras:

pai, irmán, padriño, avó, afillada, xenro, tía.

3 Escribe:

tres palabras monosílabas: _____

tres palabras bisílabas: _____

tres palabras trisílabas: _____

dúas palabras polisílabas: _____


4 Soluciona o encrucillado:

1. Dise da palabra cunha sílaba.

2. Lingua de Galicia.

3. Sílaba que se pronuncia con maior intensidade.

4. Libro que contén por orde alfabética todas as palabras dun idioma coa súa definición.



UNIDADE 1

LINGUA

RV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 RIMANDO

a) Subliña as palabras que soan de forma parecida:

curuxa	feitizo	dentes
avoá	nai	corrente
verdura	irmán	tía
madríña	viño	sobriño

b) Agora completa o poema de Gloria Sánchez con esas palabras:

A bruxa curuxa,
nariz afiado,
non toma churrasco,
nin toma _____ .

A bruxa curuxa
prepara un feitizo
con sapos e grilos,
con serpes e _____ .

Á bruxa curuxa
caéronlle os dentes,
por este menú
tan pouco _____ .

2 CADA OVELLA COA SÚA PARELLA

As palabras que che sobraron no primeiro exercicio designan familiares. Cópiaas e escribe a parella de cada unha.

UNIDADE 1

LINGUA

AV


Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Completa os versos do seguinte poema coas palabras do recadro. Fíxate como riman os versos pares:

Gustaríame ser
a fada dalgún _____
para poder vivir
o que eu queira, de _____
Ter esa vara máxica
que cumpra exactamente
cada capricho novo
que acuda á miña _____
Pero se o penso ben,
mellor _____
que esa variña dese
sol e _____
para espantar dos rostros
dores, tristezas,
poñer paz, entre os pobos,
quitar _____ .

Ana M.^a Fernández: *Pola rúa dos versos* (adapt.)



pronto
alegría
mente
sería
pobrezas
conto

2 Escribe por orde alfabética as palabras subliñadas do poema.

Nome e apelidos:

Curso: Data:

3 Escribe as palabras do recadro e subliña a sílaba tónica.

4 Subliña como aparecerán no dicionario as palabras indicadas:

queira → quería quero querer

máxica → máxica máxico, -a máxico

5 Busca no poema:

catro palabras monosílabas:

catro palabras bisílabas:

catro palabras trisílabas:

tres palabras polisílabas:

6 Escribe a parella feminina das seguintes palabras:

pai → _____ fillo → _____

tío → _____ sobriño → _____

avó → _____ curmán → _____

padriño → _____ sogro → _____

UNIDADE 4

LINGUA

AV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

A zapatilla por detrás,
tris, tras,
aquele que mire para atrás,
tris, tras,
unha boa azouta ha levar,
tris, tras.
Se miras para arriba
hanche caer rosquillas,
se miras para abaixo,
hache caer o refaixo.
A durmir, a durmir
que veñen os Reis Magos.

Popular

1 Copia o retrouso da canción e di cantos versos ten.

2 O texto é unha canción dun coñecido xogo. Contesta:

a) ¿Que lle pasará a quen mire para atrás?

b) ¿E a quen mire para arriba?

3 Localiza nos versos as palabras que riman entre si e escríbeas.

Nome e apelidos:

Curso: Data:

4 Busca na canción unha parella de antónimos e escríbeos.

5 Escribe unha frase con cada palabra:

boa: _____

voa: _____

6 Busca no texto catro palabras con ditongo e escríbeas.

7 Completa cos nomes dos animais que faltan:

Macho**Femia****Cría**

galo

egua

carneiro

8 Subliña o suxeito e o predicado destas oracións e rodea os seus núcleos:

Os nenos do colexio xogan no recreo.

A vaca está na corte.

Ese cabalo branco rincha moito.

Uns paxaros fixeron o seu niño no meu tellado.

UNIDADE 3

LINGUA

AV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

¿Sabedes por que a curuxa sempre anda de noite? Porque, no tempo en que os animais falaban, aínda non se coñecía o lume na Terra. Reuníronse todos os paxaros e decidiron ir ata o Sol para traer o lume. Había un risco enorme e só o pisco se presentou como voluntario. Chegou ata o sol, quen lle deu gustoso un pouco de lume e díxolle que tivese moito coidado para non se queimar. Cando o pisco xa estaba chegando á Terra, comezaron a arderlle as plumas do peito, pero aguantou e chegou co lume. Os paxaros declarárono heroe e decidiron restituírlle as plumas do peito dándolle cada un unha das súas. Todos o fixeron menos a curuxa, que non quixo darlle unha das súas fermosas plumas brancas.

Desde aquela, os paxaros negáronlle á curuxa o día e a luz, e ela ten que andar sempre de noite, soa. E o paporrubio, o pisco, quedou co peito queimado para sempre.

Xosé Miranda e Antonio Reigosa: *Cando os animais falaban*, Edicións Xerais (adaptación)

1 ¿Que feito real se conta na lenda?

2 ¿Dáse unha explicación real ou fantástica deste feito?

3 ¿Cres que fixo ben a curuxa? Explica por que.

4 Escribe o antónimo das palabras subliñadas no texto.

Nome e apelidos:

Curso: Data:

5 Busca no texto:

tres palabras monosílabas: _____

tres palabras bisílabas: _____

tres palabras trisílabas: _____

tres palabras polisílabas: _____

tres palabras graves: _____

tres palabras esdrúxulas: _____

6 Busca no texto e escribe unha oración negativa e outra interrogativa.

7 Escribe o nome da árbore que dá cada unha destas froitas:

limón → _____ laranxa → _____

améndoa → _____ cereixa → _____

mazá → _____ pera → _____

ameixa → _____ abelá → _____

figo → _____ pexego → _____

8 Acentúa as seguintes palabras cando sexa necesario:

alamo

aromatico

tulipan

platano

petalo

piñon

chuchamel

veran

mercores

sabado

reptil

difícil

UNIDADE 4

LINGUA

AR

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Escribe a parella feminina dos seguintes animais:

cabalo: _____ can: _____

galo: _____ carneiro: _____

castrón: _____ touro: _____

2 Emparella os sinónimos das dúas columnas:

cabuxo cordeiro

año cabrito

asno becerro

tenreiro burro

golpe porco

cocho raposo

3 Rodea cun círculo os ditongos que atopas nestas palabras:

boi faisán moucho koala

ouriolo picapeixe reiseñor león

voitre leitón egua coello

4 Emparella os suxeitos da primeira columna cos predicados da segunda:

Ese can están no cortello.

Os porcos ladrou toda a noite.

As galiñas saíu do rabaño.

Esa cabra poñen ovos.

UNIDADE 4

LINGUA

AA

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Escribe o nome dos pais (macho e femia) das seguintes crías:

	macho	femia
poldro	_____	_____
pito	_____	_____
cabuxo	_____	_____
tenreiro	_____	_____

2 Relaciona cada animal co son que emite:

can	miañar	cabalo	cacarexar
gato	ouvear	paxaro	rinchar
lobo	ladrar	galiña	chiar

3 ¿Que animais atoparemos nos seguintes lugares?

formigueiro: _____ bandada: _____
enxame: _____ rabaño: _____

4 Separa en sílabas as seguintes palabras e subliña os ditongos:

leopardo: _____ carneiro: _____
dromedario: _____ teixugo: _____
toupa: _____ camaleón: _____

5 Completa estas oracións cun predicado axeitado ao suxeito:

A miña amiga _____
Os cans _____
Eu _____

UNIDADE 4

LINGUA

RV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 ARROLO ALFANUMÉRICO

Descifra o poema coa seguinte clave para as vogais:

a = 1 e = 2 i = 3 o = 4 u = 5

D5rm3d4 n5n b3c4

4 n2n4 2st1b1;

4s b23z4s d1 n13

n4n 4 d23x1b1n.

4 r4str4 d4 n2n4

n4n s2 2nr5g1b1;

4s 4l4s d1 n13

1l3 p45s1b1n.

5n b3c4 d2 s4l

jc4m4 4 qu2nt1b1!

1 n13 p1r2c31

2ng134l1d1.

D5rm3d4 n5n b3c4

4 n2n4 2st1b1;

5n b3c4 d2 1m4r

2l1 3nv2nt1b1.

2 ESCRIBIMOS EN CLAVE

O autor deste arrolo é Antonio García Teijeiro. Escribe o seu nome empregando a mesma clave que no poema.

UNIDADE 3

LINGUA

AR

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Escribe diante das seguintes árbores o artigo **o** ou **a** e indica os froitos que dan:

_____ figueira dá _____ maceira dá _____

_____ laranxeira dá _____ limoeiro dá _____

_____ pereira dá _____ pexegueiro dá _____

_____ abeleira dá _____ cerdeira dá _____

2 Escribe o nome do lugar onde abundan as seguintes árbores e arbustos:

salgueiro: _____ toxo: _____

carballo: _____ xunco: _____

3 Escribe A (aguda), G (grave) ou E (esdrúxula):

póla (____) árbore (____) folla (____)

néspera (____) raíz (____) sementar (____)

plantar (____) copa (____) améndoa (____)

4 Indica se estas oracións enunciativas son afirmativas ou negativas:

– Os piñeiros non perden as follas. _____

– O castiñeiro é unha árbore de folla caduca. _____

– Esa árbore nunca se podou. _____

5 Escribe unha oración interrogativa e outra exclamativa:

UNIDADE 3

LINGUA

AA

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Completa cada oración coa palabra axeitada:

sementar transplantar murchar podar

- Vou _____ de trigo toda esta leira.
- Debemos _____ as pólas das árbores para favorecer a súa medra.
- Ese arbusto perdeu a frescura, parece que vai _____ .
- Tiveron que _____ o salgueiro para un terreo máis soleado.

2 Relaciona os nomes de lugar cunha árbore ou planta:

Cercedo	carballo
Salceda	acrivo
Acevedo	cerdeira
O Carballiño	salgueiro

3 Acentúa estas palabras e indica se son agudas (A), graves (G) ou esdrúxulas (E):

avestruz	(___)	colibri	(___)	xilgaro	(___)
pingüin	(___)	hipopotamo	(___)	bufalo	(___)
leon	(___)	reptil	(___)	pintega	(___)
libelula	(___)	chimpance	(___)	cempes	(___)

4 Clasifica as seguintes oracións en enunciativas, exclamativas ou interrogativas:

- ¡Non te aturo máis! _____
- ¿Cantas árbores hai nese xardín? _____
- ¿Non queres vir? _____
- As árbores caducas non conservan as follas. _____

UNIDADE 3

LINGUA

RV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 ANIMALANDIA

Debuxa un animal que teña as características que se indican en cada caso.

- É un mamífero
- É fillo do castrón e da cabra.
- Ten cornos.

- A súa parella chámase cabalo.
- Ten catro patas.
- As súas crías son os plodros.

- Nace de ovos.
- Ten plumas.
- Non voa.

Escribe o nome dos animais que debuxaches e das súas parellas:

UNIDADE 5

LINGUA

AR

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Escribe tres alimentos para cada comida do día:

Almorzo _____

Xantar _____

Merenda _____

Cea _____

2 Relaciona as dúas columnas e forma palabras compostas::

tira louza _____

garda choques _____

lava pedras _____

para lamas _____

3 Escribe e completa:

tres nomes propios de persoa: _____

tres apelidos: _____

tres nomes de países: _____

tres nomes de vilas ou cidades: _____

Todos eles se escriben con letra _____

4 Emparella cada nome individual co seu colectivo:

letra arquipélago

carta abecedario

illa bosque

árbore baralla

UNIDADE 5

LINGUA

AA

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Localiza na sopa de letras oito nomes de alimentos. Depois clasifícaos.

F	G	H	P	I	L	M	M	L
U	R	C	E	R	E	I	X	A
L	A	T	I	U	V	L	X	R
E	F	G	T	H	I	L	L	A
I	Ñ	O	U	P	Q	O	R	N
T	A	R	G	M	U	E	Z	X
U	F	R	A	X	O	L	M	A
G	R	S	T	U	V	X	Z	A
A	R	R	O	Z	E	G	H	I
P	Q	U	R	S	T	U	V	X
Ñ	Z	X	C	E	B	O	L	A


Hortalizas: _____

Cereais: _____

Carnes: _____

Froitas: _____

2 Escribe os nomes dos debuxos. Ten en conta que todas son palabras compostas:



3 Escribe os individuais correspondentes aos seguintes colectivos:

vaixela: _____ equipo: _____

piñeiral: _____ orquestra: _____

bandada: _____ rabaño: _____

coro: _____ cordilleira: _____

UNIDADE 5

LINGUA

RV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 ¿QUE PREPARAMOS?

Ingredientes:

- Medio quilo de cereixas
- Mortadela
- Dúas ameixas
- Queixo
- Un melocotón
- Grosellas
- Pan
- Tres peras
- Medio melón
- Chourizo

Preparación:

Primeiro, é necesario pelar e mesturar de dous en dous os ingredientes que riman.

Despois, póñense todos xuntos na licuadora e bátense ata obter un zume.

Finalmente, métese no frigorífico durante unha hora.

a) ¿Que ingredientes tes que mesturar de dous en dous?

_____ con _____

_____ con _____

_____ con _____

b) ¿Que nome lle darías ao que preparaches?

c) ¿Que comida prepararías cos ingredientes que che sobraron? Engade algún máis.

UNIDADE 2

LINGUA

AR

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Relaciona cada órgano coa enfermidade correspondente:

moa	pulmonía
ollo	farinxite
farinxe	carie
pulmón	miopía

2 Relaciona os sinónimos das dúas columnas:

curar	constipado
danar	mancar
croque	enfermidade
arrefriado	pote
ampola	sandar
doenza	bocha

3 Subliña as palabras que sexan agudas:

flegmón, tose, alcohol, varicela, algodón, inxeccións, xarope, xiringa.

4 Divide as seguintes palabras en sílabas e subliña a tónica. Di se son bisílabas, trisílabas ou polisílabas:

pomada	_____	_____
pinzas	_____	_____
termómetro	_____	_____
pílulas	_____	_____
esparadrapo	_____	_____

UNIDADE 2

LINGUA

AA

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Escribe o nome dos médicos que atenden nas seguintes consultas:

traumatoloxía: _____ oftalmoloxía: _____

dermatoloxía: _____ pediatria: _____

2 Escribe, ao lado de cada palabra popular, o termo culto correspondente

mazadura _____

rouquén _____

desmaio _____

afonía
hematoma
lipotimia

3 Busca na sopa de letras o antónimo das seguintes palabras e escríbeo:

enfermo _____

curable _____

inmortal _____

benigno _____

coidar _____

M	A	L	I	G	N	O	A	B
C	D	E	N	F	G	H	S	I
D	E	S	C	O	I	D	A	R
L	M	N	U	Ñ	O	P	N	Q
R	M	O	R	T	A	L	S	T
U	V	X	A	Z	A	B	C	D
E	F	G	B	H	I	L	M	N
Ñ	O	P	L	Q	U	R	S	T
U	V	X	E	Z	A	B	C	D

4 Separa en sílabas as seguintes palabras e subliña as agudas:

nariz: _____ gorxa: _____

apéndice: _____ corazón: _____

tusir: _____ venda: _____

5 Rodea cun círculo os dígrafos que localices nas seguintes palabras:

croque arrefriado ningunha bocha guiso nocello

UNIDADE 2

LINGUA

RV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 SOPA DE LETRAS

Busca nesta sopa de letras os nomes de sete obxectos que hai na caixa de urxencias:

G	B	C	D	A	E	F	G	H	P
U	L	M	N	L	Ñ	O	P	R	I
A	U	E	R	G	S	T	U	V	N
N	T	E	S	O	I	R	A	S	Z
T	A	B	E	D	R	O	C	U	A
E	A	L	C	O	H	O	L	T	S
S	E	M	A	N	O	S	G	O	H
X	I	R	I	N	G	A	B	C	D
E	F	G	H	I	L	M	N	Ñ	P
T	E	R	M	Ó	M	E	T	R	O



2 POR SÍLABAS E LETRAS

Ordena as palabras anteriores segundo:

a) o número de letras

b) o número de sílabas

6 _____

2 _____

7 _____

3 _____

8 _____

10 _____

4 _____

UNIDADE 8

LINGUA

AV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

Un bo día, hai disto moito tempo, cando os coellos aínda tiñan as orellas curtas, Coello presentouse no castelo do rei.

Tanto e tanto insistiu que o rei non tivo máis remedio que atendelo.

—**¿Que queres?** —preguntou o monarca desde un gran trono, cunha coroa ben cinguida e o cetro na man.

—**Véñolle pedir, maxestade, que me faga medrar. ¡Estou farto de ser pequeno!**
—**dixo Coello moi serio.**

—Pensa que hai animais máis pequenos ca ti —comentou o rei.

—Iso para min non é un consolo. Quero aumentar de tamaño.

Ricardo Alcántara e Carme Rodríguez: *Orellas de Coello*, Ed. Galaxia (adaptación)

1 ¿Que personaxes interveñen no conto? ¿Quen é o protagonista?

2 ¿Que problema tiña Coello?

3 Outórgalle poderes sobrenaturais ao rei da lectura e inventa un final do conto.

Nome e apelidos:

Curso: Data:

4 Transforma en estilo indirecto as liñas que están en negra.

5 No texto inicial, subliña cunha raia os artigos determinados e con dúas os indeterminados.

6 Escribe as contraccións que atopas no texto e indica por que palabras están formadas.

7 Forma os diminutivos das seguintes palabras:

coello →

orella →

coroa →

animal →

curtas →

pequenos →

8 Completa con **b** ou con **v** as seguintes palabras:

sil__a

__ioleta

herbí__oro

escara__ello

cara__el

prima__era

gra__ata

pri__ilexio

__ol__oreta

UNIDADE 7

LINGUA

AR

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Escribe cada palabra na estación do ano correspondente:

frío	calor	soleado	vento
despexado	chuvia	anubrado	neve
Magosto	Samaín	Nadal	vendima
Entroido	Maios	San Xoán	flores

PRIMAVERA	VERÁN	OUTONO	INVERNO

2 Enche os ocos coas terminacións **-ivo/-iva, -ava/-avo/-ave, -eve**:

atract_____	alt_____	su_____	oit_____
deport_____	fest_____	escr_____	br_____

3 Completa as palabras destas oracións con **b** ou **v**:

- A prima___era esqui___a deu paso ao alti___o ___erán.
- Despois chegou o sua___e outono, quen chamou polo cati___o in___erno.
- O touro ___ra___o le___antou unha le___e ___risa cando em___estiu.

4 Nas oracións do exercicio anterior, subliña os adxectivos.

UNIDADE 7

LINGUA

AA

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Completa os seguintes pareados escollendo a palabra que rime:



Á _____ ,
dáme a mula.

Ás dúas,
sae a _____ .

Ás tres,
o santo _____ .

Ás catro,
pego un _____ .

Ás cinco,
pego un _____ .

Ás _____ ,
día de Reis.

lúa
André
unha
brinco
salto
seis

Popular

2 Crea palabras novas engadindo a estas **des-** ou **re-**:

_____ abrigar _____ caer _____ tapar _____ facer
_____ nacer _____ ordenar _____ pasar _____ soprar

3 Elixe un adxectivo para cada nome e escribe unha oración coas parellas:

lúa chea _____
estrelas grises _____
nubes recendentes _____
flores brillantes _____

UNIDADE 7

LINGUA

RV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

I TEXTO OCULTO

Para descubrir o poema oculto de Antonio García Teijeiro, debes ler unha casa si e outra non de esquerda a dereita na primeira liña; na segunda, de dereita a esquerda; na terceira, de esquerda a dereita, e así sucesivamente.

E	po	na	de	rú	nos	a,										
.a	sa	lú	ber	de	moi	co	tas	bi	cou	un						
E	sas	no	se	chan,												
pan.	le	de	mos	cos	moi	bi	tos	dous								
E	li	no	bros	rí	a	o,										
o.	de	frí	máis	de	e	cos	moi	bi	di	tres						
E	ver	no	tí	lu	do	me,										
me.	e	fu	co	de	ma	cos	via	bi	xar	seis						
E	pe	no	ro	ce	sen	o,										
o.	sa	xe	ír	de	da	cos	ca	bi	sa	dez						
E	co	na	ñe	cor,												
mor.	ces	a	si	de	tos	cos	xen	bi	te	cen						

UNIDADE 7

LINGUA

AV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Completa os pareados escollendo no recadro o verso axeitado:

É a unha,

Son as dúas,

Son as tres,

Son as catro,

Son as cinco,

Son as seis,

Son as sete,

Son as oito,

Son as nove,

Son as dez,

Son as once,

Son as doce,

voan as grúas.

sae a lúa.

teño un gato.

sopra nordés.

caraveis.

pego un brinco.

carapuchete.

xa non chove.

come moito.

ando e voume.

meu pai dorme.

outra vez.

Nome e apelidos:

Curso: Data:

2 Forma os adxectivos das estacións engadindo **-al**:

primavera → _____ estío → _____

outono → _____ inverno → _____

3 Relaciona os sinónimos e os antónimos:

	Sinónimo	Antónimo
despexado	cálido	seco
quente	húmido	frío
mollado	claro	anubrado

4 Escribe palabras novas engadíndolles ás seguintes **des-**, **re-** ou **extra-**:

calzar → _____ coller → _____

ordinario → _____ pegar → _____

cargar → _____ plano → _____

5 Completa con **b** ou **v**:

– Gústame a ___risa sua___e que vén do mar.

– O sol miraba despecti___o para o ___ento orgulloso.

– As ár___ores estaban adornadas con grilandas festi___as.

– O ta___aco é noci___o para a saúde.

– Teño un estoxo no___o cheo de lapis de vi___as cores.

6 Nas oracións anteriores, subliña os adxectivos.

UNIDADE 9

LINGUA

AV

Nome e apelidos:

Curso: Data:



1 Fíxate nos anuncios e contesta:

a) ¿De que fan publicidade? _____

b) ¿Que obxectivo ten cada un deles? _____

2 Escribe un slogan para fomentar a lectura.

3 Escribe dúas seccións que podes atopar nun hipermercado e anota algún produto en cada unha.

Nome e apelidos:

Curso: Data:

4 Empregando o sufixo **-dor/-dora**, escribe a persoa que se ocupa de:

vender → _____ comprar → _____

cobrar → _____ reparar → _____

repoñer → _____ instalar → _____

5 Completa as seguintes palabras con **ll** ou con **i**:

a__o

re__

o__os

pa__aso

pra__a

conce__o

ra__a

ga__ola

anto__o

mo__ar

__ogur

agu__a

6 Enche os ocos cun posesivo e o seu artigo correspondente:

– __ _____ pai deume un bico.

– __ _____ irmá chámase Mariña.

– Ana é afortunada: __ _____ avós quérena moito.

– Non atopamos por ningures __ _____ chaves.

– Collede __ _____ abrigos, que marchamos.

7 Escribe con letra os seguintes números:

3° → _____

2 → _____

7 → _____

10 → _____

4 → _____

16 → _____

21 → _____

8° → _____

UNIDADE 6

LINGUA

AV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

Portomarín, 23 de maio de 2006

Estimado Ramón:

Son Xosé, o pai de Dani, o amigo do teu fillo. O motivo desta carta é pedirche que deixes vir a Xabier para pasar as vacacións de verán connosco; hai dous anos miña nai comprou unha casaña en Muros, e a Dani faille moita ilusión pasar uns días co seu amigo. Nós estaríamos encantados.

Se ti e mais a túa muller estades de acordo, pasaremos a recollelo pola vosa casa o venres, para poder estar alí a fin de semana.

Recibide un saúdo da miña muller e moitos recordos da miña nai.

Un abrazo,

Xosé

1 ¿De onde vén a carta? _____

¿Cando foi escrita? _____

¿A quen vai dirixida? _____

2 Copia o saúdo.



3 Nunha carta ou postal, ¿quen é o remitente?

4 ¿Que lle pide Xosé a Ramón na carta?

Nome e apelidos:

Curso: Data:

5 Escribe os datos do sobre da carta que Xabier lles mandaría aos seus pais desde Muros.



6 Forma o feminino dos seguintes nomes:

mestre _____

señor _____

emperador _____

boi _____

lugués _____

príncipe _____

cabalo _____

rapaz _____

deus _____

amigo _____

7 Escribe en plural estes nomes:

avión _____

luz _____

parasol _____

señor _____

rei _____

ventá _____

bailarín _____

muller _____

vigués _____

actriz _____

UNIDADE 8

LINGUA

AR

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Forma palabras novas engadíndolles **-eira/-eiro** ás seguintes::

laranxa → _____ flor → _____

piña → _____ rosa → _____

xardín → _____ regado → _____

2 Completa as oracións coas palabras do recadro:

– Para ir á festa papá vestiu traxe con _____ .

– Álvaro e Vera convidáronme á súa _____ .

– Onte ceamos _____ fritos.

– Miña avoa sementou _____ na horta.

voda
ovos
verzas
gravata

3 Enche os cadros cos determinantes:

ARTIGOS					
		DETERMINADOS		INDETERMINADOS	
		Singular	Plural	Singular	Plural
Masculino					
Feminino					

DEMOSTRATIVOS			
		Singular	Plural
Masculino			
Feminino			

UNIDADE 8

LINGUA

AA

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Transforma en estilo indirecto a seguinte conversa:

O xardineiro dille a Laura:
—¿Gústalle este ramo de rosas?
Laura contéstalle:
—Prefiro un de margaridas.

2 Completa as palabras dos recadros e, fixándote no debuxo, escribe un texto breve con todas elas.



UNIDADE 8

LINGUA

RV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 REVOLTIFLORES

Ordena cada grupo de letras e forma nomes de flores:

XÍSAMN						
--------	--	--	--	--	--	--

VERACAL							
---------	--	--	--	--	--	--	--

TOHERNISA								
-----------	--	--	--	--	--	--	--	--

MIRADAGAR									
-----------	--	--	--	--	--	--	--	--	--

TILUNÁP						
---------	--	--	--	--	--	--

NEXARIO						
---------	--	--	--	--	--	--

2 FÁBRICA DE PALABRAS

Agora une as letras das casillas sombreadas e forma unha palabra.

Engádelle outras terminacións á palabra anterior e forma novas palabras.

UNIDADE 13

LINGUA

AR

Nome e apelidos:

Curso: Data:



1 Fíxate nos debuxos e escribe o nome de cada obxecto xunto a cada profesional:

albanel → _____ médico → _____

profesora → _____ labrega → _____

mecánico → _____ modista → _____

2 Subliña as palabras con seseo e gheada e escríbeas correctamente:

Lostregha na brisa
a ghaivota,
inxenua, pequecha, nerviosa.



Refulxen as ás
tan ghrasiosas
brillantes, lusidas, sedosas.

Debuxa no azul
unhas notas
lixeriras, presisas, donosas.

Ghaivota con plumas,
sen roupapas,
fedella, toliña, fermosa.

A. García Teijeiro

Nome e apelidos:

Curso: Data:

A VOZ DO MAR

Vilatella

Maio de 2006

COA FIN DO INVERNO VOLVE GRACIELA



Graciela atravesa Portugal.

Esta semana comeza a primavera, e con ela chegará a Vilatella a nosa an-

doriña Graciela. Como todos vostedes saben, Graciela paséase cada primavera pola nosa vila, achégase á xente, come da súa man e mesmo pousa nos seus ombreiros; é xa como un veciño máis que retorna coas raiolas de sol. Os nosos

correspondentes en Portugal din que xa a viron pasar preto de Viana do Castelo e seica este ano vén como enfeitizada, porque está perdida-mente namorada dun paxariño destas terras. Aínda non se sabe o nome do afortunado; dis-

que se trata dun carrizo ao que coñeceu xa hai dous anos, cando ela andaba a reconstruír o seu niño e el cantaba nunha árbore cercana. Pero isto non son máis que rumores, teremos que agardar uns días para saber realmente se hai voda.

1 Contesta:

- a) ¿Cal é o nome do xornal? _____
- b) ¿Onde e cando se publica? _____
- c) ¿Cal é o titular da noticia? _____
- d) ¿Que di o pé de foto? _____
- e) ¿De quen fala a noticia? _____
- f) ¿Que conta? _____

2 Subliña os verbos das seguintes oracións e indica en que tempo están:

- Os alumnos estudaban na biblioteca. _____
- A mestra explicou a conxugación verbal. _____
- O comerciante venderá as mercadorías. _____
- A periodista redacta unha reportaxe. _____

UNIDADE 13


LINGUA

RV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 NOTICIAS DE PRENSA



O pasado domingo, dona Carme Calvo, mentres traballa na súa horta, atopou un niño nunha laranxeira. Dentro había un paxariño descoñecido. Dona Carme estrañouse moito e comunicou o seu achádego a un ornitólogo. O ornitólogo confirmou que se trataba dunha especie moi interesante, descoñecida ata o momento. O novo paxaro, de plumas verdes e peteiro laranxa, chamarase calviño, en honor á súa descubridora.

- Ponlle un nome ao xornal.
- Escribe a data de publicación.
- Inventa un titular para a noticia.
- Fai un debuxo ilustrativo.

2 INTERPRETAMOS E COMENTAMOS

Contesta:

a) ¿Que sucedeu?

b) ¿Quen fixo o descubrimento?

c) ¿Cando sucedeu?

d) ¿Onde sucedeu?

UNIDADE 11

LINGUA

AR

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Di como se chaman as narracións nas que os personaxes son animais que falan e se comportan como as persoas e das que se extrae unha ensinanza.

2 Escribe unha oración co nome de cada debuxo:



3 Completa con **b** ou con **v**:

ha__ía	sa__er	__er	fer__enza
de__eres	mo__le	aci__ro	mo__er
tele__isión	__ermello	ca__ra	sa__io

4 Escribe tres verbos de cada conxugación:

1ª conxugación	_____	_____	_____
2ª conxugación	_____	_____	_____
3ª conxugación	_____	_____	_____

UNIDADE 11

LINGUA

AA

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Ordena as sílabas das seguintes palabras e escribe os nomes onde corresponda:

dalpar liñaga rianñado sogan
bapom vopa bebula güínpin

Silvestres: _____

De curral: _____

2 Escribe o nome dos habitantes das localidades sinaladas no mapa:



3 Completa as oracións con **haber** ou **a ver**:

– Nesa caixa debe _____ máis xoguetes, mira _____ .

– _____ se rematas pronto os deberes.

– _____ se atopas un abrelatas; debe _____ un no caixón da mesiña.

4 Indica a que conxugación pertencen os seguintes verbos:

chocar 1ª piar _____ deber _____
haber _____ rir _____ servir _____
petear _____ ler _____ caber _____

UNIDADE 11

LINGUA

RV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 FABULANDIA

Completa a seguinte fábula cos diálogos dos personaxes e escribe unha fórmula de final de conto.

Un día, unha arteira raposa falaba cun galo que estaba subido na póla dunha árbore.

—

.....

O galo, que sabía que a raposa quería enganalo, díxolle:

—

.....

Ao oír a palabra «cazador», a raposa botou a correr moi asustada.



E así, con esta sinxela mentira, o galo, que non vira ningún cazador, puido liberarse da raposa.

E

.....

2 SOMOS ARTISTAS

Debuxa os dous personaxes e descríbeos.



.....

.....

.....

.....

.....

.....

UNIDADE 10

LINGUA

AV

Nome e apelidos:

Curso: Data:

Mamá bate no morteiro. Pun-pun. Machuca-machuca. Allo, perexil e sal. Ela na cociña segue o ritmo da radio cun roxe-roxe na gorxa. Soa o teléfono. Ring-pun-ring-pun. O timbre mestúrase co son do morteiro e mais a música. É a avoa. Di que vén onda nós pola tarde, pois ten novas novísimas.

A avoa entra na casa rompedora. Abanéame e déixame na cara os sinais dos seus beizos pintados de vermello. Gasta pantalón e zapato baixo; camisola solta e bolso en bandoleira, e leva o pelo tinguido dunha cor que semella a panocha do millo.

An Alfaya: ¡Sireno, Sireno! (adaptación)

1 ¿Que personaxes se nomean no texto? ¿Quen conta a historia?

2 Copia as onomatopeas que aparecen no texto.

3 ¿Que son lle porías á frase «...déixame na cara os sinais dos seus beizos...»?

4 Copia os nomes de pezas de roupa e complementos que atopes no texto.

5 ¿De que palabra procede a subliñada no texto? Escribe dúas palabras máis derivadas dela.

Nome e apelidos:

Curso: Data:

6 Busca no texto dous pronomes persoais e escríbeos.

7 Substitúe as palabras subliñadas por pronomes persoais.

– Mamá bate allo, perexil e sal.

– Papá adoitaba facerlle cóxegas no cocote.

– A avoa e ti estabades onte na casa.

– Ambas as dúas semellan incómodas e permanecen en silencio.

– Mamá e mais eu collémonos da man.

8 Imaxina como van vestidos a nai e o fillo do texto e fai unha descrición de ambos os dous.

UNIDADE 9

LINGUA

AR

Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Escribe o nome dalgúns produtos que podes atopar nas seguintes seccións:

Droguería: _____

Bricolaxe: _____

Menaxe do fogar: _____

2 Completa as seguintes palabras con **ll** ou con **i**:

pare__a

pa__aso

__o__ó

ce__as

o__os

ra__a

lente__as

o__omol

3 Completa o cadro dos posesivos:

	UN POSUIDOR		VARIOS POSUIDORES	
	Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
Singular	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____
Plural	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____

4 Escribe o número ordinal que corresponde aos seguintes cardinais:

un _____

seis _____

dous _____

sete _____

tres _____

oito _____

UNIDADE 9

LINGUA


AA


Nome e apelidos:

Curso: Data:

1 Inventa un slogan para para facer publicidade dun produto que ti escollas.

2 Ordena as letras dos debuxos e forma palabras con i:





a a r i

3 Subliña os posesivos das seguintes oracións e indica se fan referencia a un posuidor ou a varios:

– A miña vasoira está moi vella. _____

